# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES

**ASISTENTES:**

Presidente:
Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:
Grupo municipal do PsdeG-PSOE:
Dª. Marta María Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
Dª. Marta María Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
Dª. Jessica Méndez Sánchez
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez
Dª.María Penélope López Díaz
D. Carlos Liñares Gestal
Dª. Susana Amor Fernández
D. Abraham Seijas González
Dª. Cristina Pardo Portos

Grupo municipal do PP:

D. Alfonso Rico Verea
D. Antón Prieto García

Grupo municipal do BNG:
D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
Dª. María Beatriz Pérez Mosquera
D. Gonzalo Méndez Mosqueira

Grupo municipal AA.VV.:
Dª. María Alicia Ferreiro Varela
D. Eduardo José Mourelle Botana
Dª. Sandra María Marzoa García

Ausentes con escusa:
Dª.Izaskun García Gorostizu

Secretaria:
Dª María de las Nieves Fuentes Bermejo

Interventora:
Dª. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás trece horas e trinta minutos (13:30 h) do día vinte e sete de abril de dous mil vinte e tres (27/04/2023), reúnese en sesión ordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos pola Secretaria xeral accidental e a Interventora municipal.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES:**

1.1.- Sesión ordinaria de data 30/03/2023

Sometido a votación, por unanimidade dos concelleiros e concelleiras asistentes á sesión, o Pleno municipal aproba a acta da sesión ordinaria celebrada o 30/03/2023.

1.2.- Sesión extraordinaria de data 17/04/2023

Sometido a votación, por dezanove (19) votos a favor e unha (1) abstención, do concelleiro do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sr. Rico Verea (por non estar presente na sesión), o Pleno municipal aproba a acta da sesión extraordinaria celebrada o 17/04/2023.

C.I.F. P-1503100-H

**2.- PROPOSTA SOBRE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO APROBADA INICIALMENTE NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 10 DE FEBREIRO DE 2023 (C.I. MEDIOAMBIENTE 20/04/2023)**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil do 20/04/2023, punto 2 da orde do día, relativo á proposta da Sra. concelleira delegada da área de Seguridade Cidadá e Persoal, de data 17/04/2023 (código de documento UPO17I00ML), contida no expediente electrónico UPO/2022/207.

A voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes, fai unha presentación da proposta e di que con data 10 de febreiro de 2023 tivo lugar a aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo e posteriormente recibíronse no Concello tres alegacións, unha presentada polo sindicato Comisións Obreiras o día 10 de marzo, outra da Agrupación de funcionarios de Culleredo o 22 de marzo, e outra da Coordinadora de traballadores de normalización da lingua o 21 de marzo, todas elas presentadas en tempo; que as alegacións dos sindicatos máis ou menos coinciden e refírense a non ter negociado a RPT, non terse realizado unha valoración dos



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

postos, necesidade de informe dos habilitados, modificación da xornada de determinado profesorado do Conservatorio ou modificación dos complementos de destino; que para desestimar esas alegacións o goberno municipal indica que a RPT si se negociou e que houbo tres mesas de negociación cos sindicatos, que a valoración dos postos fíxose en base a unhas normas de xestión aprobadas no 2008 e con respecto as cales se fixeron todas as modificacións posteriores a dita data e nunca se dixo nada sobre iso, que a subida do 0,30 no complemento de destino aparece recollida na Lei de presupostos xerais do Estado e xa nunha reunión cos sindicatos no 2019 se acordou subir progresivamente comezando polos grupos de menor puntuación e, con respecto ás xornadas do Conservatorio, di que nos últimos anos xa se foron ampliando por necesidades do servizo e hai informes da Dirección do centro solicitándoo, polo que en base á media de horas que se foron ampliando os últimos anos foi feita a modificación da RPT que se somete a aprobación; que os dous sindicatos comparten tamén nas súas alegacións a necesidade de informe dos habilitados pero hai un informe da Interventora xeral no que di que non é necesario nin preceptivo que informe a RPT e hai tamén un informe do secretario xeral nese momento que ratifica o informe existente do servizo de Persoal; respecto da alegación da Coordinadora de traballadores de normalización da língua di que ao posto se lle modifica a denominación para técnico de Cultura pero segue mantendo parte das funcións de normalizador lingüístico e indica que coa falta de persoal que ten o Concello fíxose necesario que o posto ampliara as súas funcións sen menoscabar en ningún momento o uso e a promoción do galego; con base en todo o exposto propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

C.I.F. P-1503100-H

"**Primeiro**.- Desestimar as alegacións presentadas por CCOO, Agrupación de funcionarios e Coordinadora de traballadores/as de normalización da lingua, polas consideracións expostas nesta proposta.

**Segundo**.- Dar conta deste acordo a CCOO, Agrupación de funcionarios e Coordinadora de traballadores/as de normalización da lingua.

**Terceiro.**- Aprobar definitivamente os seguintes documentos:

- Relación de postos de traballo: documento código UPO17I005M.
- Fichas dos postos de traballo modificados: documento código UPO17I0063
- Funcións modificadas dalgúns servizos: UPO17I002Y

**Cuarto.**- Aprobar definitivamente a medida de que os cambios económicos derivados da aprobación da modificación da relación de postos de traballo terán efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2023.

**Quinto**.- Remitir copia da relación de postos aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e publicala íntegramente no boletín oficial da provincia."



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a RPT foi aprobada inicialmente co voto en contra do BNG, tivo un periodo de exposición pública no que se presentaron as alegacións das que vén de falar a Sra. Figueroa Fuentes e agora traese ao Pleno a proposta de rexeitar ditas alegacións sen que foran postas a disposición dos membros da oposición, algo que non é a primeira vez que pasa pois parece que o equipo de goberno xa o está collendo como norma, e que lles parece moi grave, como lles parece moi grave tamén que haxa que recurrir a aprobación definitiva que se vai acordar no pleno coa maioría absolutísima do goberno municipal, ao que lle dá igual o que diga a oposición; repite que o expediente non está completo e que falta documentación esencial, como son as alegacións, algo fundamental para poder debater e votar a súa estimación ou desestimación, e pregunta por que non se dan porque este feito está invalidando a posible aprobación; engade que non se variou nin unha coma do que se propoñía inicialmente, como é unha suba de salario para o persoal de confianza, para o persoal de Gabinete, para esa persoa tan polifacética que ten o Concello que tanto vale para un roto como para un descosido e serve para facer a proposta de subir o salario, porque como xefe de Gabinete se lle asignan as funcións de xefe de Persoal, como para valorar se o que se está a propoñer é o correcto ou non, porque se lle asignan tamén as funcións de secretario xeral accidental; el di que todo está correcto, o que non é de estrañar porque a proposta é súa e propón subirse o soldo a si mesmo, servindo tamén esta persoa para ser secretario dos tribunais cando non debera selo, etc.; que por todo iso os membros do seu Grupo van votar en contra de rexeitar as alegacións, esas alegacións que non coñecen porque o goberno municipal non as puxo a disposición, algo totalmente invalidante que deixa o camiño aberto para que se recurra, anunciando que eles se poñerán en contacto cos alegantes para poñerse de acordo con eles.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que nos últimos catro anos puidose ver unha rotura absoluta entre o goberno municipal e os traballadores do Concello, sendo o punto de non retorno cando os sindicatos se poñen en pé de guerra ao non poder tragar máis asuntos do tipo do que se propón pois se presenta unha RPT sen aprobación sindical, sen aprobación do resto de compoñentes do goberno, e que se pide corrixir sen que, como ben dixo o Sr. Chouciño, se modificara nin unha soa coma, valéndose do mesmo funcionario, di que entre comillas, para informar a proposta que el mismo fai e na que se sube o salario a si mesmo, sendo aberrante que non se agarde polo secretario novo que estaba a piques de chegar; que en canto ao fondo do asunto hai que lembrar a esixencia de motivación do artigo 35 da Lei 39/2015, sen a cal o acto é nulo de pleno dereito, como establece o artigo 47 da mesma lei, algo que se dixo por activa e por pasiva, e non só polos membros da oposición senón tamén polos propios sindicatos que se están a rebelar porque isto é un despropósito, e lle pide ao goberno municipal que fale con eles e negocien, abrindo un camiño de conciliación porque do contrario non se sabe que vai pasar despois das eleccións, xa que hai que ter en conta que hai un 20% de

C.I.F. P-1503100-H

funcionarios de baixa e o estrés que xera a situación fai que todo o Concello colapse a nivel administrativo.

A Sra. Figueroa Fuentes, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, dirixíndose ao Sr. Chouciño, di que no momento da aprobación inicial tiveron ocasión de ver toda a documentación e aí podíase ver como a RPT proposta recollía moitas máis cousas que as mencionadas como subidas a dedo do persoal de confianza; que lle parece unha falta de respecto cara aos traballadores que figuran na RPT que se propón porque os cambios non afectan só a catro persoas senón alomenos a corenta ou cincuenta persoas traballadoras do Concello de Culleredo; respecto da falta de documentación di que ela ten a que se puxo a disposición para o pleno e entre ela figuran as alegacións referidas engadindo que de todas formas llas farán chegar; que non vai entrar en debate sobre a persoa sempre mencionada polo Sr. Chouciño porque lle parece unha falta de respecto.
Diríxese a continuación ao Sr. Prieto García e lle di que a RPT proposta conta cun informe motivado e baseado nunhas normas de xestión que poden gustar máis ou menos ou compartirse ou non e estar máis ou menos actualizadas pero son as que son e fixéronse varias modificacións desde que se aprobaron sen que se falase nunca do tema valoración porque se axustaban ás normas de xestión; respecto do comentado sobre os sindicatos, di que na Mesa de Negociación hai cinco sindicatos e só hai dúas alegacións polo que as alegacións non son algo xeral como se quere facer ver no pleno; di que se sentaron a negociar ata en tres ocasións e que negociar non sempre implica chegar a acordos; remata a súa intervención dicindo que a proposta si está motivada e que as alegacións están perfectamente desestimadas porque non teñen fundamento.

De seguido o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, replica que o goberno municipal ten moi manido o da falta de respecto aos traballadores e sobre a falta de respecto a unha persoa en particular di que el o que fixo foi describir o que sucede e que o respecto hai que gañalo, non tendo el culpa de que se considere falta de respecto describir unha situación; que están pendentes de valorar os postos de traballo, cuestión esta falada xa en múltiples ocasións, e o goberno municipal dixo xa hai máis dun ano que había unha empresa facendo ese traballo, preguntando canto tempo ten que pasar máis para que se presente dita valoración e que isto é algo que están a lembrar continuamente desde Secretaría e deste Intervención que piden ter en conta a valoración dos postos de traballo para determinar que complementos lle corresponden a cada sitio; di que puidera ser que estivera feita e que non lle gustara ao equipo de goberno e por iso non se pon a disposición; que as actas das Mesas de Negociación non están no expediente, algo que avisaron xa no momento da aprobación inicial, e teñen que estar pois non serve que se diga que as houbo e non se poñan a disposición para ver en que términos se pronunciaron as distintas partes xa que todos os membros da Corporación teñen o dereito e o deber de pronunciarse sobre a proposta que se presenta e para iso teñen que coñecer toda a documentación e non está, pasando no seu día coas actas das mesas de negociación e pasando agora tanto con ditas actas

como coas alegacións; anuncia que o voto do BNG será en contra polos motivos expostos.

A Sra. Figueroa Fuentes, voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, contesta que considera que o punto está suficientemente debatido pero que quere aclarar que a valoración da RPT integral a teñen os sindicatos xa desde fai dúas semanas e están pendentes da súa revisión e de que os convoquen a unha reunión para poder empezar a negociar.

O Sr. Chouciño Garrido volve a intervir e di que esa información que vén de dar a Sra. Figueroa Fuentes é a que hai que dar por escrito, engadindo que lle parece moita casualidade que estea en marcha a valoración dos postos de traballo desde fai máis dun ano e que non estea para a modificación dunha RPT que, casualmente, se vai aprobar definitivamente a un mes escaso das eleccións municipais.

O Sr. Alcalde pecha as intervencións dicindo que considera que o punto está suficientemente debatido e di que se mantivo unha reunión cos traballadores e traballadoras do Concello e que se chegou a uns acordos, engadindo que a modificación da RPT que menciona o Sr. Chouciño, que non é doado facela, está baseada na documentación que achega a nova RPT, supoñendo un anticipo porque, entre outras cuestións, había que actualizar a situación dos policías locais e adaptar os postos de traballo xa que hai persoas que teñen que traballar as fins de semana cunha adicación máis exclusiva, con 24 horas ao día os 365 días do ano, e lembra que a RPT é unha cuestión de organización, que os gobernos municipais teñen autonomía para facer e desfacer cando desexen e que pronto haberá unhas eleccións locais das que derivará un equipo de goberno que terá unhas prioridades que determinarán tamén a RPT e pon como exemplo que se o goberno decide priorizar as actividades deportivas terá que reforzar o persoal desa área e adaptar os postos a esas prioridades; remata dicindo que toda a documentación que vén ao Pleno é a mesma que vai á comisión informativa correspondente e nesta non se fixo alusión ao que agora se estivo a dicir.

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, con doce (12) votos a favor, os dos representantes do grupo municipal do PsdG-PSOE, e oito (8) votos en contra, os dos representantes presentes dos grupos municipais Partido Popular de Culleredo (2), Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (3) e Alternativa dos Veciños (3); o Pleno municipal acorda:

**Primeiro**.- Desestimar as alegacións presentadas por CCOO, Agrupación de funcionarios e Coordinadora de traballadores/as de normalización da lingua, polas consideracións expostas nesta proposta.

**Segundo**.- Dar conta deste acordo a CCOO, Agrupación de funcionarios e Coordinadora de traballadores/as de normalización da lingua.

**Terceiro.**- Aprobar definitivamente os seguintes documentos:

- Relación de postos de traballo: documento código UPO17I005M.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

- Fichas dos postos de traballo modificados: documento código UPO17I0063
- Funcións modificadas dalgúns servizos: UPO17I002Y

**Cuarto.**- Aprobar definitivamente a medida de que os cambios económicos derivados da aprobación da modificación da relación de postos de traballo terán efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2023.

**Quinto**.- Remitir copia da relación de postos aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e publicala íntegramente no boletín oficial da provincia.

**3.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL E PROMOCIÓN DO DEPORTE DO CONCELLO DE CULLEREDO PARA A APROBACIÓN DA SOLICITUDE DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O FINANCIAMENTO DO MANTEMENTO XERAL E RESERVA DE CINCO PRAZAS NO CENTRO OCUPACIONAL "A ESCADA" PARA O ANO 2023 (C.I. POLÍTICA SOCIAL 20/04/2023)**

C.I.F. P-1503100-H

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Política Social, Promoción do Deporte, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo do 20/04/2023, punto FOD.1 da orde do día, relativo á proposta da Sra. concelleira delegada da área de Política Social e Promoción do Deporte, de data 13 de abril de 2023 (código de documento UBS17I019Y), contida no expediente electrónico UBS/2023/262.

A Sra. Figueroa Fuentes fai unha presentación da proposta e di que "A Escada" é un centro ocupacional de titularidade municipal que leva funcionando desde o ano 1991 e desde o ano 2011 asinouse un convenio coa Deputación acordando que asumiría unha parte da financiación a cambio de que se reservaran cinco prazas para persoas de fora do Concello de Culleredo, concedendo unha subvención de 70.000 euros que supón un coeficiente de cofinanciación provincial do 47,47% do gasto de dito centro, engadindo que por iso propón ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Solicitar a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, co fin de financiar o mantemento xeral do centro ocupacional "A Escada", e a reserva de 5 prazas neste durante o ano 2023 para persoas adultas con discapacidade intelectual que residan noutros concellos da provincia da Coruña, polo interese público provincial que representa, así como pola singularidade e excepcionalidade da actividade desenvolvida nel; por un importe total de 70.000 euros, que acada un coeficiente de cofinanciación do 47,47%.

A Presidencia abre a quenda para o debate.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

Non habendo intervencións, o Sr. alcalde comenta que se trata dun convenio tipo que se asina todos os anos para poder obter a subvención da Deputación provincial.

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, por unanimidade dos concelleiros e concelleiras asistentes, o Pleno municipal acorda:

Solicitar a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, co fin de financiar o mantemento xeral do centro ocupacional "A Escada",e a reserva de 5 prazas neste durante o ano 2023 para persoas adultas con discapacidade intelectual que residan noutros concellos da provincia da Coruña, polo interese público provincial que representa, así como pola singularidade e excepcionalidade da actividade desenvolvida nél;  por un importe total de 70.000 euros, que acada un coeficiente de cofinanciación do 47,47%.

**4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CULLEREDO RELATIVA A "RECOLLIDA SELECTIVA E XESTIÓN DE ACEITE DE COCIÑA USADO NO TERRITORIO DOS CONCELLOS QUE CONFORMAN O CONSORCIO DAS MARIÑAS".**

C.I.F. P-1503100-H

Nin o Sr. Alcalde nin o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

***- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros asistentes, acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, rexistro de entrada n.º 2023/4561 de 21 de abril de 2023, relativa a proposta para instar ao Consorcio das Mariñas a incluír cláusulas sociais no próximo contrato de recollida selectiva de aceites usados e á que dá lectura o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido:

*«Enrique Antón Chouciño Garrido, na miña condición de Concelleiro e Voceiro do Grupo Político Municipal BNG, propoño ao Pleno da Corporación para o seu debate e se procede aprobación de acordos, a seguinte MOCIÓN:*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O servizo de "Recollida selectiva e xestión de aceite de cociña usado no territorio dos Concellos que conforman o Consorcio das Mariñas" segundo obra nos pregos de contratación da licitación que hai meses venceu a súa vixencia e que se poden ver aínda na sede electrónica do Consorcio:*



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

*....buscase fomentar as actuacións tendentes á mellora da xestión ambiental en cada un dos Concellos integrantes, entre o que se atopa a recollida selectiva de residuos susceptibles de valorización, cuxa xestión non diferenciada pode ser causa de prexuízo económico e dano ó medio ambiente. Neste sentido, a recuperación de aceite de cociña usado para a súa reciclaxe xera beneficios ambientais como son a potenciación da conservación do medio ambiente mediante a menor xeración de rexeites e menor necesidade de extraer materiais do medio, posibilitando unha maior reciclaxe dos aceite de cociña usado mediante este sistema integral de xestión e que xerará bos hábitos na cidadanía. A finalidade última do servicio e:*

*1º.-Ofrecer ós cidadáns unha alternativa próxima para separar os residuos de aceite de cociña usado.*

*2º.-Permitir a valorización de residuos.*

*3º.-Reducir a contaminación de augas e problemas na rede de saneamento pola presencia destes aceites.*

*4º.-Aforrar en custes de xestión de residuos e obter recursos económicos.*

*O Consorcio das Mariñas realiza este servizo por medio dun contrato de recollida, que caducou no mes de outubro, sen que se fixera unha nova convocatoria.*

*Na nosa comarca, "Mulleres Colleiteiras" é unha entidade que se ocupa da recollida, tratamento, valorización e reutilización de aceite doméstico usado. Trátase dunha entidade de interese social, pois ocupa, en réxime de cooperativa sen ánimo de lucro, a mulleres en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, facilitando unha inclusión laboral real e adaptada á súa situación de partida. Ademais, ofrécelles formación para contribuír á súa autonomía laboral e conta cun programa de promoción do benestar e mellora das condicións de vida.*

*Esta entidade traballa cun modelo de recollida e tratamento do aceite doméstico usado dun xeito positivo dende o punto de vista medioambiental, xa que se ocupa da recollida e reutilización de miles de litros de aceite, aproveitando recursos locais e evitando a xeración de residuos. A recollida do aceite usado representa un servizo á cidadanía, que de non facerse de xeito organizado e regulado pode representar un problema sanitario e medioambiental.*

*É importante engadir a importancia así como a dificultade de seguimento do cumprimento de todas as esixencias legais para o tratamento deste tipo de resíduos, pesaxe, trazabilidade, frecuencia de recollida, limpeza de colectores etc*

*Os beneficios dun tipo de xestión mediante o acordo cunha empresa de interese social tanto pola súa forma societaria como polo contido, son enormes e foron demostrados na historia desta entidade que precisa de novos concertos para manter e ampliar a súa actividade e continuar a dar os froitos demostrados no pasado. Por iso é ben lembrar a súa existencia para telo en conta á hora de redactar os novos pregos de contratación, e por tanto propoñemos ao Concello de Culleredo como integrante do Consorcio das Mariñas os seguintes:*

*ACORDOS*



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

*O Pleno do Concello de Culleredo solicita ao Consorcio das Mariñas:*

*1. A convocatoria urxente dun novo sistema para a recollida e tratamento de aceite de cociña usado, por medio dun novo contrato social ou convenio.*

*2. Que nesta convocatoria se estableza un seguimento e control exhaustivo da execución do servizo, unha vez adxudicado, dirixido a impedir que se manteñan as graves e actuais irregularidades no control dos pesos, frecuencias de recollida e trazabilidade do residuo. Este control debe incluír a fiscalización axeitada dos contedores instalados; tipo de contedores; sinalización dos contedores; sinalización dos vehículos utilizados para a recollida; seguimento das recollidas realizadas e frecuencias, ademais da súa modalidade; envío de información periódica ao Consorcio e os concellos afectados e cumprimento das leis e normativas de traballo e medioambientais.*

*3. Que se teña en conta que os obxectivos de Mulleres Colleiteiras están relacionados, ademais, cos seus fins sociais, e non unicamente coa rendibilidade económica, polo que solicitamos que entre os baremos da nova licitación se prime o carácter social demostrábel das entidades ou empresas que se candidaten.»*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Culleredo, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que en canto ao obxecto e ao pretendido en materia de reciclaxe os membros do seu Grupo non teñen ningunha dúbida pero si no que respecta aos puntos finais da proposta porque se o que se pretende é un proceso de licitación pública en base a criterios obxectivos como melloras hai que ter en conta que iso o debería valorar xa a Mesa de Contratación no momento en que se establecen os pregos pero non se pode, a través dun compoñente político como é o Pleno do Concello, requerir ao Consorcio As Mariñas, que xa ten un órgano xurídico que se supón saberá moito máis que os membros da Corporación, primar un tipo de empresas sobre outras e fixar as bases da contratación; que o requirimento si está ben feito pero primar unha empresa sobre outra non é o carácter que pretende a Lei de Contratación e as melloras terán que ser melloras económicas, melloras políticas ou melloras sociais pero sempre respectando o criterio de igualdade, rematando a súa intervención dicindo que se se lle dá a proposta un carácter máis xurídico votarán a favor da proposta pero en caso contrario absteranse.

Seguidamente o Sr. Chouciño Garrido lle di ao Sr. Prieto que considera que se equivoca porque a Mesa de Contratación non redacta os pregos senón que a ela lle chegan os pregos elaborados e ela os aplica e os executa, sendo o organismo convocante o que redacta os pregos, que no caso que se está a tratar é o Consorcio As Mariñas; propón que o Consorcio As Mariñas, no que o Concello de Culleredo participa, redacte os pregos tendo en conta as situacións referidas na moción, e di que non se está a propoñer vulnerar a lei senón todo o contrario pois se está propoñendo aplicar a lei en todos os seus términos porque a Lei de Contratación, na súa exposición de motivos, propòn impulsar os



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

contratos con centros especiais de emprego, con centros de emprego social, e con este tipo de entidades sen ánimo de lucro, sendo iso o que se propón na moción que se presenta, que é dar cumprimento ao que propón a Lei de Contratación que é que os contratos públicos sirvan para dar resposta á mellor proposta económica tendo en conta non só a monetaria senón tamén a que beneficia a todo o colectivo social e que non se prime soamente a cuestión monetaria.

O Sr. Prieto García di que puidera ser que se explicara mal porque si é certo que son os técnicos do Consorcio os que emiten os pregos que se facilitan á Mesa de Contratación para que os aplique no proceso de contratación pero o que non queda claro na moción é a proporción e se se priman en exceso os criterios sociais, engadindo que a proposta non está mal, nin está mal que se prime o que se propón, pero debería concretarse a proporción.

O Sr. Chouciño Garrido di que non se pode determinar canto porque iso se establece nos pregos e o que se pretende coa moción é dar un impulso político, repetindo a lectura do último parágrafo da moción e engadindo que o motivo é que no mes de outubro pasado caducou o contrato que había que se adxudicou sen ter en conta criterios sociais no momento que se adxudicou, prorrogándoo nos periodos que estaban establecidos ata esgotalos, polo que a moción o que pretende é que agora se faga dunha forma distinta, e que, ao ter en conta a mellor proposta económica, esta non sexa só a financeira, a monetaria, senón que se teña en conta tamén, como unha mellora económica, o feito de estar asinado por unha entidade sen ánimo de lucro con fins sociais.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que o que se propón podería perfectamente ser aprobado por unanimidade e que el leva desde o ano 2019 traballando coas mulleres colleiteiras porque desde o consello de administración da Edar Bens foi desde onde se comezou a dar esa oportunidade, como tamén desde o Concello da Coruña, no que o anterior goberno destacaba a importancia que tiña e o labor tanto social como medioambiental que facían esas mulleres que desde o ano 2021 recolleron 220.000 litros de aceite das cociñas dos diferentes establecementos hosteleiros da provincia da Coruña, e precisamente na Edar Bens, que é a onde van as augas fecais do Concello de Arteixo, Culleredo, Oleiros, Cambre, viuse como dentro dos depósitos había grandes cantidades de aceite e asinouse un convenio coas mulleres colleiteiras que reduciu nunha porcentaxe grandísima ese aceite nos depósitos da Edar-Bens; que hai un mes aproximadamente reuniuse coa directiva das mulleres colleiteiras porque se deu a casuística de que por exemplo no Concello da Coruña gañou o concurso outra empresa pese a grande labor social e medioambiental que fan esas mulleres colleiteiras que ademáis adican todo o que gañan á reinserción social de grupos desfavorecidos pero non reuniron os requisitos necesarios recollidos nos pregos do Concello da Coruña; que el, como deputado de Transición Ecolóxica, recibiu a estas mulleres na Deputación provincial e xuntos trataron de analizar como conseguir maiores garantías xurídicas á hora de concurrir a diferentes concursos e non lle pase como no Concello da Coruña que foi outra empresa xestora de residuos a que gañou o concurso, véndose mermados os ingresos do citado colectivo e, como consecuencia, tamén o traballo social importantísimo que fan; que desde o Consorcio das Mariñas hai que articular uns pregos legais para que, se non elas, si un colectivo de características similares poida facer

esa labor, engadindo que a el lle gustaría que foran as mulleres colleiteiras por estar máis que testeado que o traballo que fan é extraordinario e que na Deputación provincial, na área que el leva, desde o departamento xurídido xa se está a analizar por que ditas mulleres non gañan os concursos e ver que fórmulas xurídicas se poden aplicar para que, se non elas, si colectivos sociais similares poidan obter unha maior puntuación porque as mulleres colleiteiras en particular están levando a cabo unha labor cuns resultados medioambientais superiores pero sociais espectaculares.

O Sr. Prieto García indica que ao seu Grupo lle gustaría votar algo máis concreto pero que o PP non vai ser un impedimento para que a moción sexa aprobada por unanimidade.

A continuación solicita pechar o debate o Sr. Chouciño Garrido e, unha vez concedido, lle di ao Sr. Prieto García que se imaxine como un técnico do Consorcio ao que lle chega dito onde ten que puntuar e onde ten que non puntuar e diga se non o vería como unha intromisión, engadindo que por ese motivo o que se propón é dar un impulso político e que se prime o carácter social das empresas, dicindo o que pero non o como porque iso o teñen que concretar os técnicos; di que na moción obviou comentar que as administracións non pagan por este servizo senón que se trata simplemente de autorizar a ter os puntos de recollida e xa eles se encargan de todo o demáis, recollendo a propia lei a posibilidade de non sacalo a concurso en caso de que non haxa retribución.

C.I.F. P-1503100-H

Sometido o asunto a votación, por unanimidade dos sres. Concelleiros e concelleiras asistentes, o Pleno Municipal acorda solicitar ao Consorcio das Mariñas:

1. A convocatoria urxente dun novo sistema para a recollida e tratamento de aceite de cociña usado, por medio dun novo contrato social ou convenio.

2. Que nesta convocatoria se estableza un seguimento e control exhaustivo da execución do servizo, unha vez adxudicado, dirixido a impedir que se manteñan as graves e actuais irregularidades no control dos pesos, frecuencias de recollida e trazabilidade do residuo. Este control debe incluír a fiscalización axeitada dos contedores instalados; tipo de contedores; sinalización dos contedores; sinalización dos vehículos utilizados para a recollida; seguimento das recollidas realizadas e frecuencias, ademais da súa modalidade; envío de información periódica ao Consorcio e os concellos afectados e cumprimento das leis e normativas de traballo e medioambientais.

3. Que se teña en conta que os obxectivos de Mulleres Colleiteiras están relacionados, ademais, cos seus fins sociais, e non unicamente coa rendibilidade económica, polo que solicitamos que entre os baremos da nova licitación se prime o carácter social demostrábel das entidades ou empresas que se candidaten.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

**5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CULLEREDO RELATIVA Á ASOCIACIÓN DE AFECTADOS DE URBANISMO DE CULLEREDO.**

Nin o Sr. alcalde nin o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

O Sr. alcalde comenta que hai acordo de todos os grupos en que a moción ten unha certa lóxica e pode influír de cara a garantir unha mellora ou unha continuidade na mellora da área de Urbanismo do Concello pero desde o Goberno non se poden aprobar algunhas das cuestións que se recollen no groso da moción que presenta a Asociación de Afectados de Urbanismo de Culleredo e propón a modificación dalgunhas cuestións que non alterarían o sentido da moción e que non se poden admitir porque xuridicamente son inadmisibles; que se trataría de ter unha reunión de todos os grupos coa Asociación e propoñer esas modificacións que non afectan á parte xurídica e que converterían a moción noutra que se podería cumprir perfectamente unha vez se conforme o novo goberno que saia das urnas o vindeiro 28 de maio, polo que pide que se deixe sobre a Mesa ou, se se quere debater, el xa anuncia que o voto do seu Grupo será en contra e non porque o goberno non estea de acordo co que se propón senón porque hai cuestións xurídicas que impiden que se aprobe, engadindo que a propia Asociación podería ter rexistrada a Moción e, cumprindo o Regulamento, expoñela ela mesma no Pleno.

O Sr. Chouciño Garrido indica que xa consta rexistrada unha solicitude da Asociación.

O Sr. alcalde indica que a solicitude non está presentada en tempo e forma.

O Sr. Chouciño Garrido di que si está rexistrada en tempo e forma pero que o equipo de goberno non quere que se lea.

O Sr. alcalde di que xa está e procede a someter a votación a ratificación da inclusión da moción na orde do día, engadindo que o equipo de goberno vai votar en contra desa ratificación e que non se vai debater.

A Sra. Pérez Mosquera di que a moción está na orde do día.

O Sr. alcalde di que o seu Grupo pode votar en contra da ratificación da súa inclusión na orde do día e somete a votación do Pleno dita ratificación.

O Sr. Méndez Mosqueira pide o uso da palabra por unha cuestión de orde.

O Sr. alcalde di que non e procede a someter a votación a ratificación da inclusión da moción na orde do día.

O Sr. Méndez Mosqueira solicita á Sra. secretaria xeral accidental que conste en acta que solicitou a palabra por unha cuestión de orde.

***- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, obtense o seguinte resultado:**

Votos a favor: oito (8), dos concelleiros e concelleiras presentes dos Grupos municipais PP (2), BNG (3) e Alternativa dos Veciños (3).

Votos en contra: doce (12), dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdeG-PSOE.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, o Pleno Municipal acorda NON ratificar a inclusión deste asunto na orde do día polo que queda sobre a Mesa.

C.I.F. P-1503100-H

**FOD. 1.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTOS CORRIXIDOS INCLUÍDOS NO POS+2023.**

O Sr. alcalde xustifica a inclusión deste punto na orde do día sen ditame previo dicindo que se trata dun asunto urxente cuxo expediente non estaba completado antes da celebración da xunta de voceiros e que require da súa aprobación antes da finalización do prazo de remisión do acordo de aprobación.

***- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, con doce (12) votos a favor, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdeG-PSOE e oito (8) abstencións, dos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais PP, BNG e Alternativa dos Veciños, acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

Transcríbese a proposta do Sr. alcalde, de data 27/04/2023 (código de documento UCP17I00EA) que presenta a voceira do Grupo Político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes, e que transcrita literalmente di:

***"PROPOSTA***

***POS+2023. Aprobación de proxectos corrixidos: Suministro renovación de la red municipal alumbrado con tecnología led y***



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

***sistema telegestion en avda. Fonteculler e Mejora de la seguridad vial en Monte Alfeirán***

| 682/2023 | 17/04/2023 | Concesión PEEIS (M.T.C.) | UBS17I01B2 |
| 683/2023 | 17/04/2023 | Resolución incorporación de remanentes 2022 a 2023. Gastos debidamente dispostos en exercicio anterior (2022) | UEH17I0039 |
| 684/2023 | 17/04/2023 | Concesión PEEIS (J.G.M.) | UBS17I01BP |
| 685/2023 | 17/04/2023 | Incorporación de remanentes de credito do exercicio 2022 ao 2023. Gastos con financiamento afectado | UEH17I003B |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | | | |
| --- | --- | --- | --- |
| 686/2023 | 17/04/2023 | Convocatoria sesión ordinaria C.I. Política Social de data 20.04.2023 | USG17I024G |
| 687/2023 | 17/04/2023 | Convocatoria sesión ordinaria da Comisión informativa de Facenda de data 20.04.2023 | USG17I024J |
| 688/2023 | 17/04/2023 | Resolución aprobación facturas reparo REC Dinamización | UIT17I00JH |
| 689/2023 | 17/04/2023 | Resolución persoamento dilixencias previas proc. abreviado 30/2023 | UAJ17I00FB |
| 690/2023 | 17/04/2023 | Resolución aprobación liquidación Xantar na casa xaniero, febreiro e marzo 2022 F/2023/74 | UIT17I00JN |
| 691/2023 | 17/04/2023 | Convocatoria C.I. Medio Ambiente, sesión ordinaria de data 20.04.2023 | USG17I024I |
| 692/2023 | 18/04/2023 | Resolución que se autorice, dispoña, recoñezca e ordene o pago correspondente ao recibo de auga do 3º trimestre de 2022 e recibos de gas do mes de outubro a nome de I.M.B. | UBS17I01BW |
| 693/2023 | 18/04/2023 | Resolución concesión carnet Club +65 A.P.R. | UBS17I01C4 |
| 694/2023 | 18/04/2023 | Resolución concesión carnet Club +65 J.A.S.D. | UBS17I01C8 |
| 695/2023 | 18/04/2023 | Decreto Sanciones Tráfico (DR 99500000028582) (Expediente 26939/2022) | USC17I00EF |
| 696/2023 | 18/04/2023 | Solicitar a subvención convocada pola Secretaria Xeral da Igualdade para o fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, a través da contratación de 4 mulleres (conserxes/xornada completa). | UFE17I0099 |
| 697/2023 | 19/04/2023 | Resolución concesión carnet Club +65 F.A.L. | UBS17I01CA |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | | | |
|---|---|---|---|
| 698/2023 | 19/04/2023 | Que se autorice, dispoña, recoñezca e ordene o pago correspondente aos recibos de hipoteca de abril de 2022 a agosto de 2022, recibos de auga 1º, 2º e 3º trimestre e recibos de electricidad de xaneiro a outubro a nome de E.P,O por un importe total de 501,23€. | UBS17I01C3 |
| 699/2023 | 19/04/2023 | Que se autorice, dispoña, recoñezca e ordene o pago do recibo de 4º trimestre de auga e recibos de novembro e decembro do ano 2022 a nome de G.P.M. | UBS17I01C2 |
| 700/2023 | 19/04/2023 | Resolución execución subsidiaria xestión da biomasa referencia catastral 0055804NH4995N | UME17I01IB |
| 701/2023 | 19/04/2023 | Resolución aprobación de facturas F/2023/73 Reparo Medio Ambiente | UIT17I00KG |
| 702/2023 | 19/04/2023 | Resolución aprobación padróns núm. 708-711-713-714 SAF básica e dependencia xaneiro e febreiro 2022 | UIT17I00JC |
| 703/2023 | 19/04/2023 | Resolución aprobación padrón núm. 760-762 CMUS xaneiro e febrero 2023 | UIT17I00JG |
| 704/2023 | 19/04/2023 | Liquidación xestión de cobro de auga 3T22. Compensación padrón 3T22 | UIT17I00KF |
| 705/2023 | 19/04/2023 | Corrección de erros na resolución número 683/2023, de incorporación de remanentes de créditos ao Orzmento de 2023 | UEH17I003J |
| 706/2023 | 19/04/2023 | Decreto Sanciones Tráfico (Inicio) AI 99500000028600 (Expedientes 4804/2023 y otros) | USC17I00EI |
| 707/2023 | 19/04/2023 | Resolución concesión carnet Club +65 M.A.G.V. | UBS17I01D3 |
| 708/2023 | 19/04/2023 | Resolución concesión carnet Club +65 A.J.M.M. | UBS17I01D4 |
| 709/2023 | 19/04/2023 | Baixa SAD por incompatibilidade de servizos L. P. DP. | UBS17I01AY |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| | | | |
|---|---|---|---|
| 710/2023 | 19/04/2023 | Baixa SAD por incompatibilidade de M. B. B. | UBS17I01D8 |
| 711/2023 | 19/04/2023 | Denegar a axuda a A.M.c. para recibos de aluger por exceder o límite de ingresos establecido no regulamento municipal para poder acceder as PEEIS, segudo o Artigo 5.2. do mesmo. | UBS17I01D5 |
| 712/2023 | 19/04/2023 | Resolución denegación tarxeta estacionamento a S. R. R. | UBS17I01B4 |
| 713/2023 | 19/04/2023 | Pago retencións IRPF alugueres (modelo 115) período 1T23 | UIT17I00KK |
| 714/2023 | 19/04/2023 | Resoluión aprobación asistencias concelleiros Febreiro 2023. | UPO17I00LJ |
| 715/2023 | 19/04/2023 | Resolución pago liquidación IVE (mod 303) 1º trimestre 2023 | UIT17I00KN |
| 716/2023 | 19/04/2023 | Resolución pago retencións IRPF persoal (modelo 111) mes marzo23 | UIT17I00KM |
| 717/2023 | 19/04/2023 | Baixa SAD`por incompatibilidade de J.P.V. | UBS17I01DB |
| 718/2023 | 19/04/2023 | Resolucion nomeamento funcionaria interina auxiliar administrativa (asesoría xuridica). | UPO17I00MT |
| 719/2023 | 19/04/2023 | Denegación da axuda de M.J.G.B. para bonos de alimentos por ter concedida outra axuda polo mesmo concepto. | UBS17I01D2 |
| 720/2023 | 19/04/2023 | Conceder unha axuda económica por un importe de 1070,64€ para o pago dos recibo de luz do mes de febrero de 2022 a decembro de 2022 a nome de L.G.F.CH. | UBS17I01DE |
| 721/2023 | 19/04/2023 | Lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal (1 praza axente de emprego e desenvolvemento (A2)) | UPO17I00MX |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| | | | |
|---|---|---|---|
| 722/2023 | 19/04/2023 | Autorización de acceso a Dª Izaskun García Gorostizu ós expedientes relacionados coa convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade de cinco prazas de policía local | UAL17I009D |
| 723/2023 | 19/04/2023 | Autorización de acceso a Dª Beatriz Pérez Mosquera ós expedientes relacionados coa convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade de cinco prazas de policía local | UAL17I009E |
| 724/2023 | 19/04/2023 | Baixa SAD por incompatibilidade de A. M. R. y A. R. | UBS17I01DM |
| 725/2023 | 19/04/2023 | Conceder unha axuda económica par pago de aluguer correspondente aos meses de noviembre e decembro de 2022 a nome de D.J.C.F. por importe total de 800€. | UBS17I01DO |
| 726/2023 | 20/04/2023 | Resolucion nomeamento membros comision accion social 2022. | UPO17I00N6 |
| 727/2023 | 20/04/2023 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago correspondente aos recibos de auga do 1º,2º,3º e 4º trimestre de 2022 por importe de 290,51€ a nome de J.A.S.T. | UBS17I01DT |
| 728/2023 | 20/04/2023 | Autorizar, dispoñer, recoñecer e ordenar o pago de 62,83€ correspondente ao 4º trimestre de auga do ano 2022 a nome de A.A.F.H. | UBS17I01DV |
| 729/2023 | 20/04/2023 | Convocatoria sesión ordinaria Xunta de Goberno Local 24/04/2023 | USG17I027F |
| 730/2023 | 20/04/2023 | Resolución aprobación de facturas F/2023/76 Reparo Formación | UIT17I00L2 |
| 731/2023 | 20/04/2023 | Delegación da Presidencia da sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Medio Ambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil do 20/04/2023. | USG17I0285 |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| | | | |
|---|---|---|---|
| 732/2023 | 20/04/2023 | Autorización demanial a ADG en representación da entidade DIPOWAGEN SL para celebración evento ON XOU FEST | DLO17I0067 |
| 733/2023 | 20/04/2023 | Convocatoria sesión ordinaria Xunta de Voceiros 21/04/2023. | USG17I0291 |
| 734/2023 | 20/04/2023 | Resolución aprobación de facturas F/2023/67 Reparo Voluntarios Protección Civil | UIT17I00L4 |
| 735/2023 | 20/04/2023 | Resolución aprobación proxecto "Remodelación da R/. Rafael Albeti e da rúa situada ao sur da praza Daniel Rodríguez Castelao". | UME17I01JG |

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

C.I.F. P-1503100-H

**6.2.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 03/04/2023 SOBRE BASES REGULADORAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRA/O INDUSTRIAL DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN DO CONCELLO DE CULLEREDO, MODIFICACIÓN DA BASE 5.2 DA CONVOCATORIA (TRIBUNAL CUALIFICADOR)**

A Presidencia dá conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/04/2023, punto 2 da orde do día, sobre bases reguladoras para a cobertura en propiedade dunha praza de enxeñeira/o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición do Concello de Culleredo, modificación da base 5.2. da convocatoria (tribunal cualificador) ao tratarse dunha competencia delegada polo Sr. alcalde na Xunta de Goberno Local.

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

**6.3.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓNS DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da seguinte resolución de aceptación de terreo para viario público:

- Resolución número 515, de data 27/03/2023, de aceptación da cesión dunha superficie de 147 $m^2$ para o seu destino a viario público na parcela situada no lugar de Peiro de Arriba, parroquia de Celas, formalizada en escritura pública



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

outorgada o 22/04/2020 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, Sr. Benzo Sainz, co número 965 do seu protocolo, deixando sen efecto a resolución número 644, de data 24/04/2019, de aceptación da cesión de 174 m2 contida en escritura outorgada o 20/08/2018 ante a Notaria do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, Sra. Nieto Peñamaría, co número 3393 do seu protocolo.

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

### 6.4.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia fai uso da palabra e pregunta a todos os asistentes se teñen algún rogo ou pregunta que facer.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que desde o seu Grupo queren trasladar unha pregunta dos veciños da rúa Alcalde Domingo Sierra, en Vilaboa, respecto de que se vai facer cos escombros que se están acumulando na finca colindante entre Domingo Sierra e Avenida de Vilaboa, escombros que proceden da obra "Humanización da avenida de Vilaboa" que teoricamente a día de hoxe está rematada, e que se vai facer cos escombros que están acumulados tamén na avenida de Ribados dos que non se ten moi clara a súa procedencia.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que tanto os escombros acumulados na rúa Domingo Sierra como os da avenida de Ribados proceden do traballo de Humanización que se está a facer na rúa Visitación de la Encina, Ribados, Poeta Luz Pozo, etc e que entra no capítulo de residuos polo que unha vez remate a obra e se certifique terán que ser retirados.

O Sr. Mourelle Botana pregunta se non está rematada a obra de Humanización da avenida de Vilaboa.

Responde o Sr. alcalde e di que non, que falta mobiliario e algunhas cousas máis.

A Sra. Marzoa García pregunta de onde veñen eses escombros.

O Sr. alcalde-presidente di que proceden das anteriores beirarrúas.

A Sra. Marzoa García di que non porque segundo teñen noticias e se puido ver incluso con reportaxes fotográficos están chegando camións, e di que fala do venres pasado, cando a obra xa estaba rematada polo que preguntan de onde veñen eses camións.

O Sr. alcalde di que fará as consultas oportunas e llo dirán porque o goberno municipal non ten máis constancia do que se vén de dicir no Pleno.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo quere facer un rogo pero que primeiro quere



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

comentar sobre unha cuestión pois considera que quedou a medio falar xa que o Sr. alcalde dixo que os afectados polas licenzas urbanísticas non tiñan rexistrado en tempo e forma a solicitude de intervención no Pleno e iso non é así porque é imposible que a Asociación poida rexistrar antes de coñecer a orde do día, que se coñeceu o luns, porque está establecido así e polo tanto si estaba rexistrado en tempo e forma; que o que non está en tempo e forma é que o Sr. alcalde non vaia nunca á xunta de voceiros que toca o venres, todos os meses o penúltimo venres de cada mes, á unha e media da tarde, e que se pospoña para o luns ou que, aínda que se celebre o venres, non saia a orde do día ata o luns; di que o goberno municipal vén de negar o debate dunha moción, unha moción que presentou a Asociación e na que falaban de como están afectando retrasos de ata dous anos na emisión de licenzas municipais sobre o sobrecusto dos materiais, que non é misterio para ninguén, sobre o aumento do prezo da enerxía e dos combustibles, sobre o incremento dos tipos de interese do Banco Central Europeo que están encarecendo as hipotecas e, polo tanto, as contas botadas hai dous ou tres anos, cando comezaron co seu proxecto de vida e calcularon ata onde podían asumir para construír o seu fogar, a día de hoxe están estragadas, e por iso fan as súas propostas, ben prudentes na súa redacción, como recoñecer a existencia dun grupo de persoas afectadas, algo que non só se pode aceptar senón que se debe aceptar; que instan tamén ao goberno municipal a actuar de acordo coa lei vixente e resolvan os expedientes en materia de licenza de obra pendentes co prazo legal vencido e que esa é unha cuestión que tamén se podería aprobar aínda que tiveran que abrir un debate e facer algunha alegación ao texto e ver se os membros da Asociación poderían flexibilizar algo se non se puidera cumprir no prazo requirido dun mes; que os afectados solicitaban tamén no seu escrito solicitar os informes técnicos pertinentes para estudiar a legalidade de medidas que alivien a carga económica dos afectados, sen afirmar nada, só instando á Corporación a solicitar os informes, pedindo exencións do recalculado das taxas dos sobrecustos asumidos debido aos retrasos, algo ben sensato e que el invitaría a reclamar polo contencioso-administrativo porque é bastante probable que sexa recoñecido polos tribunais ao ser causas non imputables aos afectados; pregunta se non é prudente tampouco solicitar a concesión dunha prórroga gratuíta a todos aqueles afectados que a necesiten para poder levar a término a execución da licencia concedida, ou devolver integramente as taxas e o ICIO, ou outras, a aqueles afectados que están pendentes da resolución da licencia e que soliciten a devolución ao non poder facer frente aos sobrecustos, se non é sensato que a unha persoa por unha cuestión que lle vén dada por unha Administración incompetente e ineficaz non teña que asumir os custos de ter pagadas unhas taxas; di que a el lle parece moi sensato e aínda así os afectados piden que se soliciten informes porque ás veces as cuestións legais teñen reviravoltas impredicibles; que piden tamén que se dote ao departamento de Urbanismo dos medios necesarios para que poida operar nos tempos marcados pola lei porque, se ben é certo que se incluiu algún persoal nese servizo, fíxose tarde, mal e a rastro, e lembra que ao goberno municipal lle caducou a OPE do 2017 sen cubrir as prazas incluídas nela, levando un atraso monumental coa actualización do persoal; que os afectados piden tamén propoñer e buscar a maiores outras opcións que mitiguen os danos económicos sufridos polos afectados polos retrasos na concesión de licenzas e que el insiste en invitar ao colectivo de afectados a que vaian polo contencioso-administrativo

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

e reclamen responsabilidades patrimoniais ao goberno municipal, aos seus membros como persoas e que non teña que pagar iso o Concello de Culleredo porque neste tema hai responsables con nomes e apelidos, hai un goberno incompetente e ineficaz, motivante de todo o que os afectados están a reclamar.
Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o seu Grupo quere aproveitar a quenda de rogos e preguntas para darlle a última oportunidade ao goberno municipal, e en particular ao Sr. Rioboo, para desculparse diante da veciñanza polos seis anos de goberno.
Que se disculpen diante do enfado e indignación que sente a xente ante a traizón que supón que aquel que ten que guiar e dar exemplo desde o goberno minta sen recato no pleno, minta aos veciños, minta aos colectivos, como fixo por exemplo coa Plataforma Somos Rural cando pediu a implantación dun centro de educación secundaria no rural e o goberno municipal dixo que pediría un informe a un técnico de Educación que decidira se procedía ou non e a técnico contestou que o informe xa estaba elaborado e cando o pediu a Plataforma o equipo de goberno lle dixo que non existía e, cando a Plataforma acode ao Parlamento Galego a reunirse cos distintos grupos parlamentarios, e se reúne co PSOE e cunha persoa do goberno municipal, dinlle que si existía dito informe.

Que pidan perdón tamén pola carraxe que fixeron e fan ainda sentir a todo un barrio por intentar enganalos unha vez máis e lembra como no 2019, quince días antes das eleccións, o goberno municipal colocou unha caseta de obra, uns palés de baldosas e unha pequena excavadora que arrincou unhas silveiras para facer crer que arrincaba a obra anunciada semanas antes cunha infografía na prensa para mandar retiralo quince días despois, facendo agora a mesma xogada poñendo alí un carteliño e retirando os carteis de protesta ben respectuosos que critican a maneira de actuar do goberno municipal, preguntando se esta é a transparencia prometida e o nivel democrático ao que se chega.
Que se escusen polo desamparo que sofren todas e dada unha das cullerdenses cando topan continuamente cun muro de silencio coma o que se levantou no Pleno ao tratares de contactar co alcalde ou con alguén do goberno municipal que afronte as responsabilidades de gobernar, atopando sempre soamente a un alcalde que sempre está disposto para unha foto ou para a publicidade pero que asume actitudes covardes ante os veciños que non lle aplauden, e pon como exemplo o que pasou no día anterior coa ANPA do Conservatorio que se manifestou de novo, indo xa moitos mércores seguidos parecéndose xa aos venres negros do persoal da TVG, porque están fartos das mentiras do goberno municipal que di que xa se reuniron con eles e que lles deron as explicacións debidas quedando listo todo o problema cando a realidade é que nais e pais seguen vendo como os seus fillos seguen con graves carencias de profesorado e seguen agardando por unha simple reunión con algún responsable político do goberno municipal porque non reciben información actualizada e ven como minten sen vergonza na prensa desprezando as súas reivindicacións; di que outro exemplo é, casualmente, o dos veciños do Monte Alfeirán do que se falou anteriormente, que teñen que aguantar que o Sr. alcalde diga que deron a súa aprobación ao proxecto cando non é certo e mesmo tiveron que ser eles os que presentaran un plan técnico alternativo ben deseñado e ben detallado coas



C.I.F. P-1503100-H
Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

súas necesidades e requirimentos que o goberno municipal novamente despreza.
Que lle diga algo aos comerciantes de Vilaboa pola indefensión que sentiron cando tiveron que aguantar os avisos e ameazas do seu equipo, nun xogo sucio e caciquil digno do Chicago dos anos 30 do século pasado, só por demandar unhas obras que foran consensuadas, faladas con eles, deseñadas para verdadeiramente dar un impulso ao pobo de Vilaboa e mitigar as afectacións durante as obras, pedindo só "obras si, pero non así".
Que aproveiten a ocasión para facer chegar un arrepentimento polo menosprezo que amosaron cara aos veciños da Canle, en Orro, cando chegaron a insultalos, deixándoos de mentireiros, por demandar un servizo de auga corrente que lles permita facer algo tan normal como darse unha ducha pola mañá, e que seguen agardando a que tamén os reciba despois de ter recollido máis de 500 sinaturas.
Que se desculpen coa veciñanza de todo o Concello polo millón e pico que o Concello leva perdido co Centro Loxístico de Transportes, por ter pasado a mans privadas a maioría do que debería ser público na súa integridade, por non dar recuperado o que se salvou da queima e non dispoñer Culleredo dun aparcadoiro de camións que está rendándolle a alguén, a un particular, preto de 300.000 euros ao ano, que deberían ingresar nas arcas municipais, desde hai varios anos.
Que se desculpen tamén polas perdas na Garrocha, por permitir estragar unhas instalacións deportivas que deberían estar desfrutando todos e todas as cullerdenses e que o goberno municipal ten alí tapiadas para intentar que se esqueza que se perderon 300.000 euros e que o goberno municipal nunca lle quixo cobrar á empresa concesionaria, que se esqueza o deterioro das instalacións por un valor estimado dun ou de tres millóns de euros, dependendo do informe que se escolla, e que se esqueza que non se quixeron reclamar os 700.000 euros que a concesionaria debería ter investido nas instalacións.
Que pidan perdón á xente que acode á Valedora do Pobo reclamando aquela transparencia da que o Sr. Rioboo falaba nas súas primeiras entrevistas como alcalde, veciños que teñen que acudir á dita institución para facer valer os seus dereitos, dereitos como que lles desbrocen as parcelas de diante das súas casas, desbroce das franxas forestais que está recollido pola Lei, porque existe perigo de incendio nas súas vivendas, e que cada vez que o fan, ao cabo dun tempo, reciben unha notificación da citada institución dicindo que pediran o expediente ao Concello de Culleredo e que tiveran que reclamalo porque non llo daban, algo que é recurrente porque o goberno municipal non respecta nada, nin á oposición, nin á veciñanza, nin ás institucións.
Que soliciten que lles perdoen as persoas pendentes dun Plan Xeral de Urbanismo Municipal que o goberno municipal ten secuestrado por motivos inconfesables mentres van facendo urbanismo pret a porter con plans especiais para un colexio privado en Sésamo, para unha urbanización dentro do recinto do Pazo dos Serrano en Vilaboa, para unha residencia privada na Zapateira, para facilitar a implantación dunha superficie comercial na rúa Pablo Picasso, mentres que os particulares, veciñas e veciños de Culleredo ou persoas que queren vivir neste municipio, teñen que agardar dous ou tres anos para obter unha licencia de obra debido á incompetencia do goberno municipal para cumprir coas obrigas que lle marca a Lei.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

Que pidan desculpas polo trato á parroquia de Sésamo polo maltrato á súa biblioteca do arquivo de Moncho Valcarce, unha doazón do ilustre persoeiro á súa querida parroquia, porque meses despois de ter rematada a obra do centro social, e engade que non están moi seguros de que a obra estea rematada e recibida, seguen sen restituír os libros aos andeis, dándolles como escusa á asociación que non tiñan estanterías; di que o que vén de dicir ocurriu xa fai meses e despois de que o goberno municipal difundira o bulo de que a directiva quixera queimar os libros cando foi a directiva a que fixo o traballo de embalar en caixas os libros para a súa conservación e que se gardaran ata a reposición despois de rematar a obra do centro, e lle pregunta como o goberno municipal pode ser tan indigno, rogándolle que se desculpe.
Que se desculpen coa xente que presentou propostas para os orzamentos todos estes anos que despois de non velas nos textos aprobados inicialmente presentaron alegacións para que se dera cobertura ás súas máis elementais carencias nos seus barrios e que sempre contaron cunha negación absoluta dos seus dereitos mentres o goberno municipal facía fontes de 100.000 euros ou cubertas de parques de 60.000 euros que caían ao primeiro temporal ou que destinaran case medio millón de euros a un parque de tirolinas e tobogáns na Corveira onde había unha zona verde.
Que se desculpe coa veciñanza de Fonteculler por non ter sido quen de dar resposta en máis de dous anos á chapuza na cuberta do Parque das Brañas, e pregunta se non lles dá vergonza nin sequera non ser quen de dar resposta ás súas preguntas de por que caeu, canto se pagou daquela obra, por que segue alí tirada, por que non se toman accións contra a empresa constructora ou cando poderán facer uso do parque, engadindo que o goberno municipal saberá as razóns polas que non quere dar resposta a esas preguntas.
Que lles pidan desculpas aos clubes que están pendentes dunha obra de dignificación da polideportiva de Tarrío onde xoga un clube de balonmán que leva o nome de Culleredo de forma ben digna por toda Galiza e máis ala das súas fronteiras, unha obra que, malia contar con financiamento, malia estar licitada, leva dous anos agardando a executarse con tanta falta como fai, e solicita que lles pidan tamén desculpas a outros clubes deportivos que teñen que pasar a vergonza de ver reflectido nas comunicacións e actas das súas federacións constantes referencias ao mal estado das instalacións deportivas municipais.
Que fagan a tramitación correcta das peticións de revisión de oficio do proceso selectivo de policías locais pois a entrada na función pública municipal debe estar fóra de toda dúbida e o goberno municipal tivo oportunidades sobradas para aclarar todas as dúbidas que lles presentaron, pero as estragaron todas provocando que o proceso fóra cada vez máis cuestionado; que o goberno municipal ou ignora o procedemento ou minte con desprezo cando fai que sexa o alcalde o que responda a esas peticións sabendo sobradamente que deberían pasar polo Pleno.
Que onte mesmo houbo un caso inaceptable cando a asociación "Colectivo das Pedras Galladas" organizou un acto de presentación dun libro de poemas e ao goberno de Rioboo debeulle molestar a palabra escrita porque denegou un local municipal que estaba solicitado había un mes no mesmo día do acto, sen querer dar unha alternativa e dicindo que todas as salas do edificio de Servizos Múltiples estaban ocupadas; que ao final o acto fíxose ao aire libre, xusto diante da entrada das salas, sendo un éxito, e todos os presentes puideron ver

como non houbo acto ningún nas salas municipais como lles dixeran, porque ao alcalde moléstalle a palabra, moléstalle a cultura, moléstalle todo o que non sexan os aplausos ao seu ego e as fotos á súa persoa.
Que outro acto do que queren falar ocurriu onte mesmo, cando a veciñanza da Urbanización A Ría de Fonteculler saiu á rúa para reclamar algo tan sinxelo como o dereito fundamental ao descanso porque o goberno municipal dixo hai un ano que pecharía o local por rexistrar 90Db de ruído, pechándose algún local na Coruña con 35Db, e están fartos das súas mentiras, dos seus aprazamentos de reunións, de tramitacións que deixan a porta aberta a que o titular do bar evite que se reconduza a súa actividade; di que non é a primeira vez que o fai e lle pide ao goberno municipal que lembre cando o BNG avisou no 2021 que estaban deixando portas falsas na tramitación do peche da hípica de Sésamo e lamentablemente tiña razón porque a explotación non se pechou como anunciou malia estar en condicións de irregularidade, saíndo hai pouco a sentenza do contencioso-administrativo que presentou o titular da explotación contra o Concello e no que o goberno municipal implicou como codemandados aos veciños denunciantes da situación, obtendo como resultado que gañaran os que están fastidiando á veciñanza evitando o peche que o goberno municipal quería facer ou que dicía que quería facer porque o goberno municipal está sempre no equipo contrario aos intereses da veciñanza.
Que repasaron só unhas pouquiñas das viles accións do goberno e que dubida de que o goberno municipal aproveite a ocasión que se lle dá para desculparse coa veciñanza pois non hai máis que ver como reacciona diante dos acontecementos máis recentes, dedicándose a poñer carteliños por todas partes nos que se anuncia non se sabe que, emporcallando un proceso electoral que está ás portas cunhas maneiras propias do máis rancio PP da Deputación de Ourense.
Que roga que se desculpe coa veciñanza porque no Pleno teñen unha oportunidade para facelo.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que na comisión informativa, de forma consensuada, tanto el como o Sr. Chouciño e a Sra. Ferreiro Varela, preguntáronlle á Sra. concelleira polas obras que se están a realizar ou se van realizar na avenida do Portádego, respondendo que tiña que mirar o expediente porque non sabía de que lle estaban a falar e que contestaría no Pleno polo que pregunta se se averiguou que proxecto ou que expediente hai referido con esa obra porque non parece que sexa unha obra menor polo menos vista a sinalización que se puxo.

Respecto da redacción do Plan Xeral, pregunta o Sr. Prieto García se nos vinte días que quedan de lexislatura se vai facer a aprobación inicial, se se vai convocar a comisión, se se vai facer a aprobación definitiva e se vai aprobar o Plan porque era unha promesa electoral na que se dixo que o impedimento era a oposición e que necesitaban unha maioría absoluta para aprobalo; que desde o seu Grupo se ofreceron mil veces a axudar e colaborar para que non se puidera dicir que se poñían trabas polo que pregunta se está en vías de aprobarse porque teñen veciños que están pendentes de licenzas que dependen da aprobación do Plan Xeral.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

En canto ás fontes do Paseo da Ría do Burgo, di que tamén lles chegan queixas dos veciños sobre todo do parque dos cans e da zona final do Paseo e non só das zonas afectadas polas obras senón tamén de todo o entramado de fontes que está falto de funcionamento, solicitando tamén os veciños que se acordone a estatua de la rosa xa que hai desprendementos por unha falta de mantemento evidente porque, aínda que si é certo que hai obras e non tería ningún sentido reparar as beirarrúas que xa se van cambiar porque sería tirar os cartos dúas veces, hai zonas que non están afectadas polas obras e que están cheas de buratos, con árbores descontrolados e as ratas masificándose pois as que estaban no parque central de Acea da Ma xuntáronse coas de Fonteculler e están chegando ao Paseo do Burgo, rogando se teña en conta isto no contrato de desratización que ten o Concello.
Respecto dos veciños de Fonteculler, di o Sr. Prieto García que fan chegar dous rogos, o primeiro referito ao Pub Birras, coñecido por todos, pois os veciños xa non saben que solución lle poden dar a ese asunto e el recorda que se abriu un expediente do que era instructor o funcionario referido tantas veces que ten unha carga de traballo importante pois exerce as funcións de xefe de Persoal, xefe do Gabinete, mesas de contratación, mesas de selección de persoal, e pregunta en que situación se atopa dito pub xuridicamente falando; que o segundo rogo é referido ás podas de Rafael Alberti con Electo Carballo e os chalés da parte de arriba porque lles comentan que esa zona antes era terreo privado que os veciños cederon ao Concello polos problemas que había respecto do seu mantemento xa que eran sancionados se non o levaban a cabo debidamente e agora ven como non poden limpiar o terreo pese a telo solicitado porque lles din que non é un terreo privado e tampouco se fan as labores de mantemento, contando tamén cun importante problema coas ratas.
Segue a súa intervención o Sr. Prieto García e di que, respecto do punto de controversia da sesión do que falou tamén o Sr. Chouciño, di que se puido ratificar a súa inclusión e despois, aínda que houbera que modular algún dos puntos porque xuridicamente non se puideran aprobar, si se podería debater, lembrando como ao Pleno teñen vido noutras ocasións mocións tanto do PP como do Bloque que se modificaron, se suprimiron ou se adaptaron, engadindo que na sesión están todos os membros da Corporación, están veciños afectados e está a xefa da Asesoría Xurídica do Concello polo que ben se podería fixar unha data para unha reunión de todos os grupos cos afectados e o servizo xurídico para tratar do problema do Urbanismo en Culleredo.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do PsdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que, en relación coa obra da Corveira, na comisión informativa lle fixo unha pregunta o Sr. Chouciño Garrido e que na xunta de voceiros que tivo lugar no día de onte para fixar a orde do día do vindeiro pleno do día dous de maio, ao rematar a sesión deu a resposta solicitada sobre dita obra polo que non tiña en mente que estivera pendente de contestarlle a ninguén, indicando que está publicada no perfil do contratante porque se trata dunha obra adxudicada nun procedemento público que é a mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo da Corveira, polo que se pode consultar na Plataforma de Contratación.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o goberno municipal revisará as preguntas feitas e se contestarán, engadindo que en

vísperas dunhas eleccións municipais non vai entrar en discursos e que cada Grupo pode falar cos veciños para ver cales son as cuestións que lles afectan e que, con respecto aos veciños de Fonte da Balsa, di que xa falou con eles e que non sabe xa como dicir que el, por activa e por pasiva, amosou a súa insatisfacción con esa obra que ten agora superados os impedimentos xurídicos que tiña e que conta agora xa cunha partida orzamentaria de 300.000 euros aos que houbo que engadir 78.000 euros máis para poder licitar a obra, informando desde o servizo xurídico que xa está todo favorable para poder facelo polo que nos próximos días conta con que se faga a incorporación de remanentes para poder sacala a licitación na seguinte semana.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as quince horas e cinco minutos (15:05 h.) do día expresado "*ut supra*", a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como Secretaria xeral accidental dou fe.

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e do secretario xeral, que dá fe.

C.I.F. P-1503100-H

**DILIXENCIA DE APROBACIÓN**

Apróbase a presente acta na sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 14/06/2023, segundo o borrador asinado o día 09/05/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e do secretario xeral, que dá fe.

O Alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

RIOBOO CASTRO, JOSE RAMON
Alcalde-Presidente, en funcións
15/06/2023 11:36

O Secretario xeral
(Asinado dixitalmente)

VILLÁN FUERTES, JOSÉ
Secretario xeral
15/06/2023 11:28



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es